# OBRAS SELECCIONADAS

## MARÍA VICTORIA MORENO



- MAR ADIANTE
- A FESTA NO FAIADO
- LEONARDO E OS FONTANEIROS — 3º LUGAR NO PREMIO BARCO DE VAPOR 1986
- ANAGNÓRISE — LISTA DE HONRA IBBY 1990
- O CATAVENTOS — PREMIO O FACHO 1975
- UN CACHIÑO DE BICA?
- E HABERÁ TIRÓN DE ORELLAS?
- A BRÉTEMA
- GUEDELLAS DE SEDA E LIÑO — INCLUÍDO NA LISTA WHITE RAVENS 2002
- EU CONTO, TI CANTAS
- DIARIO DA LUZ E DA SOMBRA
- ELEXÍAS DE LUZ

EXPOSICIÓN PROMOVIDA POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
FOTOGRAFÍAS E PEZAS CEDIDAS POLA FAMILIA DE MARÍA VICTORIA MORENO
BIOGRAFÍA E SELECCIÓN DE TEXTOS:
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES
DESEÑO E COORDINACIÓN DO PROXECTO: DAVID PINTOR

DEPÓSITO LEGAL: C 607-2018

galicia
o bo camiño

XUNTA DE GALICIA

# UNHA VIDA ENTRE PALABRAS

## MARÍA VICTORIA MORENO 1939 – 2005



MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ NACEU EN VALENCIA DE ALCÁNTARA, CÁCERES, O 1 DE MAIO DE 1939, NO SEO DUNHA FAMILIA DE PAI MILITAR E NAI MESTRA. POR MOR DOS DESTINOS LABORAIS DE SEUS PAIS, PASOU A INFANCIA EN VARIAS LOCALIDADES ESTREMEÑAS E CASTELÁS (BADAXOZ, SEGOVIA E SEPÚLVEDA), E FICOU ORFA DE PAI EN 1949.

COÑECEU GALICIA EN 1947, CANDO VEU COA SÚA IRMÁ SARA PASAR UNHAS VACACIÓNS XUNTO A UNHA TÍA MATERNA (CONCHITA) QUE VIVÍA EN FERROL. NAMOROU DA PRAIA DE VALDOVIÑO E VIVIU CON LEDICIA O MUNDO DO NOSO RURAL E AS SÚAS XENTES, O QUE CREOU UN VENCELLO EMOCIONAL QUE DURARÁ SEMPRE.

EN 1951 MARCHOU ESTUDAR A BARCELONA, AO COLEGIO VIRGEN DE LA INMACULADA E, LOGO DE REMATADO O BACHARELATO, TRASLADOUSE A MADRID EN 1958, ONDE FOI CURSAR FILOLOXÍA ROMÁNICA NA UNIVERSIDADE COMPLUTENSE. ALÍ COÑECEU A JOSÉ LUIS LLÁCER, CON QUEN CASOU EN 1963., E O MATRIMONIO FOI VIVIR A PONTEVEDRA.

EN GALICIA COMEZOU A EXERCER COMO PROFESORA INTERINA E GAÑOU A OPOSICIÓN EN 1965, ANO NO QUE FOI DESTINADA AO INSTITUTO DE LUGO, ONDE COÑECEU A XESÚS ALONSO MONTERO, QUEN A FAMILIARIZOU COA CULTURA E A LITERATURA GALEGAS.



EN 1967 REGRESOU AO INSTITUTO FEMININO DE PONTEVEDRA E PRINCIPIOU A IMPARTIR CURSOS DE GALEGO E CONFERENCIAS SOBRE A NOSA LITERATURA. TAMÉN CONCURSOU NOS JOGOS FLORAIS MINHO-GALAICOS (1971) CON TEXTOS EN GALEGO E CASTELÁN, EN QUE FOI PREMIADA, E TAMÉN NO CONCURSO DE CONTOS INFANTÍS DA AGRUPACIÓN CULTURAL O FACHO EN 1972.

EN 1973 PUBLICOU O PRIMEIRO LIBRO, MAR ADIANTE (1973), RESPONSABILIZOUSE DA ESCOLMA E DA EDICIÓN DA ANTOLOXÍA BILINGÜE GALEGO-CASTELÁ OS NOVÍSIMOS DA POESÍA GALEGA, E ADOPTOU OS SEUS FILLOS BEGOÑA E CARLOS.

EN 1996 MORREU O SEU HOME E AO ANO SEGUINTE DIAGNOSTICÁRONLLE UN CANCRO DE MAMA. PORÉN, SOBREPÚXOSE A ESTES DUROS GOLPES E CONTINUOU CON ENTEIREZA A VIDA DOCENTE, ATA QUE SE XUBILOU EN 2002.

POUCO MÁIS TARDE, EN 2004, PUBLICOU DIARIO DA LUZ E DA SOMBRA, CRÓNICA AUTOBIOGRÁFICA NA QUE QUIXO COMPARTIR A SÚA LOITA CONTRA O TUMOR MALIGNO E DARLLES AZOS A OUTRAS MULLERES QUE PADECESEN A ENFERMIDADE.

TRAS ESTA DIFÍCIL ETAPA, A ALEGRÍA E O AMOR VOLVERON CHAMAR ÁS SÚAS PORTAS E, EN 2003, CASOU CO CUBANO PEDRO FERRIOL. DESDE ESE MOMENTO XA NON SE SEPARARON ATA QUE A MORTE VEU LEVALA, O 22 DE NOVEMBRO DO 2005.

POSTUMAMENTE, PUBLICÁRONSE A RECOLLEITA DA SÚA POESÍA INÉDITA ELEXÍAS DE LUZ (2006) E MAIS A NOVELA ONDE O AIRE NON ERA BRISA (2009).

NESTE 2018, POR DECISIÓN DO PLENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA, DEDÍCASELLE O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

EXPOSICIÓN

# MARÍA VICTORIA MORENO

## PAISAXES E PERSONAXES



LETRAS GALEGAS 2018

XUNTA DE GALICIA

## A festa no faiado

"XOGAR É INVENTAR UN MUNDO BONITO E VIVIR UN TEMPIÑO NEL"



ILUSTRACIÓNS de JACOBO MUÑIZ

## O catavento

"NESTE MUNDO QUE CHE DIGO O MÁIS IMPORTANTE ERA VIVIR EN LIBERDADE"



ILUSTRACIÓNS de MARÍA FE QUESADA

## Anagnórise

"AS PERSOAS ESTAMOS FEITAS PARA LEVAR ADIANTE OS PROXECTOS MÁIS FERMOSOS. VIVIMOS ENCADEADOS AO ACONTECER DO UNIVERSO."



ILUSTRACIÓNS de XAN LÓPEZ DOMÍNGUEZ

## Mar adiante

"EU ESCRIBÍN ESTE LIBRO, PARA TI, QUE O TES NA MAN, E VAS SER POR UN TEMPIÑO MARIÑEIRO DO ARROÁS."



ILUSTRACIÓNS de BEA LEMA

## Un cachiño de bica?

"FAI COMO IVÁN: BUSCA O AMOR NOS OLLOS DOCES DUN CAN."



ILUSTRACIÓNS de DANI PADRÓN

## Guedellas de seda e liño

"ÁS VECES DOU EN PENSAR QUE ISTO É MELLOR CA UN SOÑO."



ILUSTRACIÓNS de NURIA DÍAZ

## Leonardo e os fontaneiros

"A DIFERENZA ENTRE NÓS OS HOMES NON ESTÁ NIN NOS ESTUDOS NIN NOS CARTOS, SENÓN EN SERMOS BOS OU MALOS, EN SABER APRECIAR AS COUSAS DA VIDA OU EN INVENTAR CONTOS PARA FACERNOS SUPERIORES AOS DEMAIS."



ILUSTRACIÓNS de LUCÍA COBO

## A brétema

"ACHÉGATE Á FIESTRA... VERÁS A MIÑA SENTIN CONVERTIDA EN MIL PINGUEIRAS LENES."



ILUSTRACIÓNS de JACOBO F. SERRANO